



Concello do Porriño

## Decreto de Alcaldía

**Procedemento: Subvención para o obradoiro dual de emprego "PORREMPREGO CUALIFICA II" para o ano 2023 (código de procedemento TR353A)**

**Nº Expediente GESTIONA: 2911/2023**

Por Decreto de Alcaldía 2023-0661 de data 07/11/2023 aprobáronse as "Bases da selección definitiva urxente para a contratación como formación en alternancia do alumnado-traballador preseleccionado polo SPEG, para o OE "PORREMPREGO CUALIFICA II" 2023" e as "Bases da selección definitiva urxente para a contratación do persoal directivo, docente e de apoio para o OE "PORREMPREGO CUALIFICA II" 2023"

Estas bases foron remitidas á Xefatura territorial de Vigo e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego correspondente así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

Advírtese un erro no punto "- FASE DE OPOSICIÓN: (Puntuación máxima: 10 puntos)" na base 9ª. SISTEMA DE SELECCIÓN, polo que en virtude do artigo 109.2. da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O Sr. Alcalde-presidente, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso,; e de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro; e o RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, **DECRETA:**

**Primeiro.-** Proceder a rectificación do erro material advertido de xeito que as bases quedan modificadas do seguinte xeito:

- Onde dí:

**"- FASE DE OPOSICIÓN: (Puntuación máxima: 10 puntos)"**

-Debe dicir:

**"- FASE DE OPOSICIÓN: (Puntuación máxima: 15 puntos)"**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño

**Segundo.-** Remitir as bases do proceso selectivo á xefatura territorial correspondente, ás oficinas de emprego correspondente e Publicar as bases do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

**Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde e o Secretario xeral**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579